

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:
A viaxe de Ulises

Autor/es:
Caneiro, Xosé Carlos

Citar como:
Caneiro, XC. (1998). A viaxe de Ulises. Vértigo. Revista de cine. (13):124-127.

Documento descargado de:
<http://hdl.handle.net/10251/43066>

Copyright: Todos los derechos reservados.
Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



A VIAXE DE ULISES

Xosé Carlos Caneiro

Chovía. A vida está intimamente ligada á choiva: resulta sempre efémera. A arte, a arte verdadeira, só pode suceder unha tarde de choiva, unha noite talvez. Mirarte no espello e descubrir que máis alá de ti existen territorios onde o gozo é eterno. E os versos de Kavafis golpeando, agudos, no meu adentro: "E se a encontras pobre, non creas que Itaca te enganou. Sabio como te fixeches, tan pleno de experiencia, entenderás o que significan as Itacas". Ese é o poema que todos sabemos de memoria. A min gústame máis aqueloutro: "Os nosos esforzos son aqueles dos homes propensos ao desastre". Bebo mentres recordo, convulso, a definición lúcida: "Homes propensos ao desastre". Estado permanente de fracaso. Bebo para acadar a mínima lucidez necesaria, a indispensable para non quedar por sempre amarrado na memoria, ou no olvido, que ao cabo veñen ser unha soa e mesma cousa.

Sei que ata o de agora ninguén se decatou de que estou a platicar dunha película, dunha fermosísima película, *A mirada de Ulises*, de Theo Angelopoulos. E non vou falar de Itaca. Xa falamos demasiado, todo está escrito. Rexeito o tópico, por atroz, por carente de intelixencia, por repetido, por ser o argumento dos mediocres. Non, teño que berralo?, eu non quero ser un mediocre, un contemplador desa estupidez lacrimóxena repleta de afectismo barato ganadora de nove óscares da Academia (a Academia americana, de Clinton, do gran capital, da industria, da magna produtividade) (as Academias son o polo oposto da creación, da sensibilidade, do candor, da brillantez, da poesía): Oh! *El paciente inglés*, solemne peripecia anodina. *A mirada de Ulises* é outra cousa; a arte sen excusas. Busquen esa cinta, observen unha e outra vez a calada comisura de lirismo que enche cada imaxe: lentitude, absoluta harmonía, lentitude, constancia, como os ollos de mel que danzaron no teu peito algún día, lentitude, apocalipse, constancia... como os ollos de mel que danzaron no teu peito algún día. Lento, harmónico, rítmico e apocalíptico exercicio de narración fílmica: Que sempre Itaca estea no teu pensamento, chegar alí é o teu destino. Pero nunca apresures a viaxe...

Cando un contempla algo tan grandioso debe estar mudo por un tempo: eu quixen escribir estas páxinas cando rematou a película. Caía o gume dun coitelo afiadísimo no meu interior etílico, non puideron redactar nin unha soa liña, imposible. Hoxe, días despois, aínda dubido da miña capacidade para impregnar o papel con palabras exactas (tinta), aproximadas, do que significa unha película como esta. Inocente, son un irrevogable inocente. Esta película non significa nada, a arte nunca posúe significado estricto. Ininterpretable (Borges, por quen gardo un especial afecto literario, dicía: "A poesía é inexplicable, pero non inintelixible"; Borges non foi o mellor, si, xa sei que hai un tipo de crítica que o coloca como o Neptuno dos mares librescos, era un autor intelixente, intuitivo, sensible... Discuto a miúdo sobre este asunto, eles din: "Velaquí a Deus"; eu, agnóstico profesional, inclino o meu corazón diante de Cortázar, único salvador posible). Quixera ter palabras adecuadas para expresar as emocións. Non existen. A linguaxe é unha grande mentira. Wittgenstein sabíao: os límites da linguaxe son os límites do meu propio mun-

do. Un mundo limitado para poder coller entre os seus brazos unha obra tan terminante como esta de Angelopoulos. Mírense vostedes navegando os mares de neve e fume e balas invisible e amores que non han de ter final (Pound díxoo: o que amas, perdura).

Situémonos, non facilitemos a fuxida do discurso. Non bebamos máis. Pensemos en Ulises. Ou en Platón, o señor que asina a cita que principia o film: "Tamén a alma, se quere recoñecerse, debe mirarse noutra alma". Pensemos. Todos

o gran Cioran, escribiuno: "Só o escritor sen público pode permitirse a licencia de ser sincero. Non se dirixe a ninguén: todo o máis a si mesmo"). Esta é unha cinta sen concesións ao comercio, á industria, á memez conxénita que mergullou o cine nun macrouniverso de compravenda. Por iso pasan anos para que os afectados pola arte cinematográfica, tantos e tantas, poidamos encontrar películas esenciais, inolvidables, coléricas, rotundas, maxistras: *A mirada de Ulises*, verbigracia.



sabemos que pensar é un exercicio que nos afasta da felicidade. Os homes felices non poderían facer unha película como esta (os homes felices non escriben cancións de amor). Os homes felices non terán a pel chea de montañas e frío cando miren unha película como esta. Os homes, as mulleres felices reclaman, entre pregarías e ladañas e celéricas visitas ao supermercado, sufrir o menos posible. Sen embargo algúns sabemos que só dende o sufrimento, dende o irredimible sufrimento, dende o desequilibrio (tan maltratado por esta liberalísima fin de século traidora que repudia a loucura, a grandeza, a xenialidade), dende a marxinação, dende a iconoclastia, dende a soidade, dende eses lugares apartados é posible a arte. Angelopoulos tamén debe sabelo (Cioran,

O protagonista, Ulises, pretende encontrar a primeira mirada, o primeiro film gravado en Grecia. Pronto saberemos que iso é só unha excusa para a viaxe, para a búsqueda constante (que outra cousa pode ser a arte?). Unha viaxe física, exterior, e tamén interna, como aquela que emprendera Leopold Ulises Bloom unha mañá calquera, guiado por James Joyce, que o fixo cargar con todo o peso do mundo (Bloom: moralmente escaso, intelectual, descoñecedor do éxito, enganado polas mulleres, soñador). O mesmo que este Ulises de Angelopoulos. Ulises son eu, diría Flaubert se en lugar de escribir a Emma Bovary escribise a Stephen Telémaco Joyce Dedalus ou míster Bloom, tan amados (Jules Gaultier creou a teoría do Bovarysimo: tendencia a concibirse e

Fotogramas:
La Mirada de Ulises
(To Vlemmatou Odyssey, 1995)

a concibir as cousas dun modo distinto a como son na realidade. Pero que demo é a realidade? Acaso non temos dereito a vivir equivocados toda a vida? Non podemos ser por sempre uns ilusos? uns inventores de mentiras, e crer ata a morte esas mentiras, e facer dos nosos soños a única realidade posible... O fracaso, sempre o fracaso... E algúns non entenden que me declare un maldito, non o entenden porque os "moi premiados" non podemos penetrar o Olimpo dos malditos (no Olimpo dos malditos tamén pululan os necios e estópidos e mentecatos, convén non esquecerlo)... A maldición vai no sangue, é unha rabia incontible, indomesticable, indecorosamente rebelde, este insomnio que me tortura nesta madrugada, beber, beber vasos nos que nadan ollos verdes... E lágrimas). No fondo, todos somos Odiseo, a quen os latinos chamaron Ulises, o Ulises que é, sen dúbida, o máis fascinante dos perso-


do o mundo fala del, incluso os profesores de literatura) e o noso Ferrín, e Heaney, e Manuel Antonio. Películas fértiles de planos, ricas en panorámicas, demoradas como a chegada do inverno en Fisterra: cheas de calma. *A mirada de Ulises*, outra vez.

Eu sei que a excelsitude está en desuso, que as grandes obras tardan, que un pode pasar anos, xa o dixen antes, agardando ese ollar que o leve ao paraíso. O vello Manakis morre cando por fin o barco parte. E Ulises parte con el: aí principia o soño. A pregunta que resoa nalgún lugar dunha praza aberta: cantas fronteiras teremos que atravesar para chegar á casa?... Espérame. Escribo intentando romper as barreiras que non permitan, que impidan, cuspir as sensacións que esta película deixou na miña pel (si, na pel, sexamos sinceros, todos sabemos que só aí podemos gardar as cousas realmente fermosas, que a

arte que non se sente na pel nin é arte nin nada, moda cecaís, ou modos de comunicación carentes de talento, a modélica estupidez, a epicéntrica e modélica estupidez, os modismos informativos que asolagan o val da arte: informar, contar unha historia, narrar cabalmente, como os clásicos, introducción, corpo, desenlace... A información é a sepultura da creatividade).

No meu fin está o meu comezo. Escolteino de Ulises ou é que eu tamén son parte do soño? Aquel verso de Ezra Pound (ti, outra vez ti), téño na lingua e non podo deixar de anotalo: E eu estou xunto ao meu desexo. Que máis se pode esperar da vida? E eu estou xunto ao meu desexo. Querería poder dicirche:

regresei (tamén llo escolteí a Ulises?). Pero o regreso sempre é mentira. Ou vivimos nun perpetuo regreso ou excusamos tentar ao destino poñendo tal verbo no noso vocabulario. Ela. Sempre hai un Ela (ou un El) que fai do regreso o único propósito, o único prostíbulo onde perder a nosa vida (total, para que a queremos? Debemos insitir unha vez máis na inanidade dos lugares onde Ela, onde El, non está? Debemos afirmar que Ela, El, é o único sustento de tantas horas roubadas á morte?). Eu tamén vin ás mellores mentes da miña xeración torturadas, perdidas, tronzadas... A Ginsberg, que en paz descansa, faltáballe cultura europea, tamén aos milleiros de seguidores que idolatraban os seus ouveos: que outra cousa é a historia da literatura romántica, o dezanove, o seiscentos febril, a furia de Ana Mag-nani, Murnau, Lubitsch, Godard, Buñuel? (Cando Ulises brinda co seu amigo pronuncia nomes significativos: Por Murnau, por Dreyer, por Orson Welles, polo Che Guevara, Polo 68, por Eisenstein... Polas nosas ilusións perdidas... Polo mundo que non mudou a pesar dos nosos soños)...



naxes que nos ten legado a historia da literatura, o máis complexo. Odiseo búscase para darlle sentido á súa vida, para poder encontrar unha madeira que o salve de perecer afogado, no naufraxio, un sentido. Pero Ulises, sabio, é consciente de que a vida carece de argumentos, só un: a viaxe. A viaxe que nunca debe acabar porque na súa fin vai, traidora, a nosa morte.

Que gran película! Dende o primeiro ata o último plano, nada é prescindible, nada resulta superfluo. Sei que hai unha prolífica saga de intelectuais que imprecán gravemente todo o extenso: sempre se pode ser máis directo, abreviar: un novo conceptismo carente de argumentos: só un argumento os salva: o maldito comercio, a industria vil que intenta converter en axioma andrómenas irrefutables. Hai libros centenarios en páxinas aos que non lles sobra nada, libros que terminamos e, ansiosos, nós, reiniciamos rapidamente a súa lectura: Rayuela, os camiños de Proust, Dostoiévski, Faulkner. Si, Borges é unha excepción suxerente, xa o sei, non volvamos a Jorge Luís, ultimamente abúrreme falar de Borges (to-

A ferida. Todos temos as cicatrices de miles de ouveos, máis rotundos que os de Vietnam, ouveos que nos precederon e deitaron no noso colo cristais de ferro e pólvora... Debía deixar de escribir. Fáltame orde. Sempre falta orde nas miñas ideas. Tres días despois da película aínda teño na lingua o sabor da mirada, desa mirada suxerente, estimulante, cargada de gozo e dor, de vida. (onde poño "todos" quero poñer "algúns" ou "algunhas": é esta miña inclinación a xeralizar, inclinación propia de todo inadaptado: eu son un inadaptado. En Galicia debemos pedir aos gobernos xúnticos, conservadores, fraguianos, que subvencionen proxectos de inadaptación, ben remunerados, por suposto: a principios de século os inadaptados forxaron a Xeración Nós, nunca se repetiu fenómeno tan ricaz na nosa historia. Adaptarse, evidentemente, é un signo de decrepitude intelectual).

Miren a escena dos paraugas que corren cara atrás, a policía, ela no medio, e os outros. Miren



o longo travelling coa neve e as xentes conformando unha paisaxe perfecta. Miren a escena do baile en casa dos avós (Nai, nunca cheguei a bailar contigo). Miren xeométricas as ruínas de Lenin. Miren Sarajevo: que rara beleza a de Angelopoulos! Que suma rotundidade! E eu sei que o fío central, o fío "diexético", ten como referente unha excusa, xa o dixen anteriormente: a búsqueda da primeira mirada, a primeira mirada que non se debía perder... Perder a primeira mirada, perder a inocencia. Pero para que queremos a inocencia se non somos capaces de vivir perpetuamente no seu colo? Pero no fondo todos e todas desexamos habitar ese lugar chamado paraíso. O desexo. O verso de Pound: E eu estou xunto ao meu desexo. O paraíso só existe na memoria. Os únicos paraísos, certo, son os perdidos. Só se ama o que non existe. Palabras.

E non será todo unha historia de amor? Só unha historia de amor. Sosteo que todas as grandes novelas son novelas de amor, tamén é probable que todas as grandes películas sexan só películas de amor. Pensemos.

—Por que viñeches?

—Os meus pasos trouxéronme ata aquí

—Estás a chorar?

—Choro porque non podo amarte.

—É errado non amar á cidade onde nacemos? (eu creo que o único errado é non amar á cidade que en verdade amamos)

O final antolóxico da película mergúllanos aínda máis nesta idea. Copieino na miña libreta: *Cando eu regrese será coa roupa doutro home, co nome doutro home, o meu regreso será inesperado. Se me mirases incrédula e dixeras: "Ti non es el", amosareiche os sinais e ti crerásmo. Falareiche do limoneiro do teu xardín, e dos sinais do corpo, dos sinais do amor. E cando subamos, trémulos, ao noso vello cuarto, entre dous abrazos, entre xemidos de amor, falareiche da viaxe, toda a noite, e todas as noites do futuro, entre dous abrazos, entre xemidos de amor, toda a aventura humana, a historia que nunca termina.* Todo está claro. Para que escribir unha



liña máis nesta eséxese innecesaria? Pero vou continuar, aínda que ben sei que todo isto é indemostrable, hipotético, e sei que as argucias políticas tamén teñen cabida neste patio, e que a viaxe a ningures é a única viaxe posible, e que estamos sempre sós aínda que nos empeñemos en certificar o contrario. Tamén a alma, se quere recoñecerse, debe mirarse noutra alma. O taxista, a muller, Lenin, o amigo xornalista, a muller, o vello Ivo Levi, a muller... Na meta o único certo é a traxedia de estar vivo, a aventura humana repetida, Sarajevo, o desexo perseguido e que acaba sendo frustración, só iso. Pero o soño continúa. Porque o regreso é posible e nós, ilusionistas baratos, só queremos regresar. Regresar ao que xamais foi, ao soño... *A historia que nunca termina.* Talvez mañá non espertemos soñando as ausencias. Espertaremos co paxaro da felicidade bicando os nosos labios. Talvez mañá non sexamos Ulises... Ela, El, a primeira cinta, Manakis, nós, o mundo, non estarán lambendo co seu alento o aire que nos envolva. Non viaxar a ningures, non escribir, non buscar, non torturarnos máis, non ler, non mirar. E viviremos, por fin. ☺

LA MIRADA DE ULISES

To Viemmatou Odyssea, (1995)

Director

Theo Angelopoulos

Productor

Theo Angelopoulos Productions, Grek Films Centre, Mega Channenl, Paradis Films, La Générale

Productores Asociados

Tele München, Concorde Film, Herbert Kloibert (en asociación con Channel 4)

Director de producción

Costas Lambropoulos

Guión y diálogos

Theo Angelopoulos, con la colaboración de Tonino Guerra y Petros Markaris

Director de Fotografía

Ghiorgios Arvanitis

Música

Elene Karáindrou

Montaje

Yannis Tsitsopoulos

Dirección artística

Ghiogios Patsas, Miodrag Mile Nicolic

Interpretes

Harvey Keitel (A), Maïa Morgenstern (*las mujeres de Ulises*), Erland Josephson (*el conservador de la filmoteca de Sarajevo*), Thanas Vengos (*el taxista*), Ghiorgios Michalakopoulos (*Nikos, el amigo periodista*), Dora Volanaka (*la anciana dama*), Gian Maria Volonté (*uno de los hermanos Manakis*)

Duración

176 minutos.